

ciclo de cine

Grandes golpes,  
grandes fuxidas

 FUNDACION CAIXAGALICIA



## GRANDES GOLPES, GRANDES FUXIDAS

Golpes e fuxidas. Roubos, fraudes, evasións, estafas, escapadas, abandonos e todo tipo de planificacións delituosas. Tamén as consabidas carreiras, persecucións, esquemas e algún (des)propósito. Os cárceres e os billetes serán os protagonistas nas vindeiras semanas. Mais... como xustificar un ciclo centrado nos atracos e nas fuxidas sen semellar con simpleza unha apoloxía do delito?

Se cadra, sería necesario recordar como o xénero do *caper movie*, –filmes de atracos– que arrancaba con películas como *A xungla de asfalto* de John Huston, albergaba no seu interior fondas lecturas sobre a liberdade do home, das súas esperanzas e soños frustrados. O descontento vital non moi afastado dos sentimentos dun condenado a morte, dos pensamentos aprisionados nunha cela de dous por dous. As luces e as sombras. Non é de estrañar que grandes títulos do cine negro recollan nas súas tramas grandes golpes, crimes perfectos e todo tipo de manobras baixo as luces nocturnas dunha cidade.

Nunha das claves, a escolla do equipo para o plan, seremos quen de asistir o estudo psicolóxico dos personaxes, antitéticos, perdedores, débiles, violentos, frustrados... moitas veces, cun único elemento común: a boa execución do golpe como derradeira saída. Esta fuxida da realidade máis gris, vese acompañada polo factor do azar, da sorte xunto coa mentira e a coincidencia. Coincidencia que propicia, nalgúns casos, que por un golpe do destino sexa o propio plan, o botín, quen se presente na vida dos protagonistas alterando o seu cotián (*Un plan sinxelo*).

É inevitable recordar referencias como *Rififi* de Jules Dassin, naquel atraco á xoiería que propiciou varias secuelas, revisións e parodias. Non en van, e logo de lecturas máis dramáticas, o cinema italiano, inglés ou español revisitará o tema dende o seu lado máis vodevilesco, cómico e satírico. Teremos ocasión de ver algúns exemplos no ciclo.

Os sesenta e setenta traerán algúns títulos claves como as parellas de atracadores, *Bonny and Clyde* e *A fuxida*, ou fugas míticas como a de Steve McQueen en *A gran evasión* e Woody Allen na opera prima, *Toma o diñeiro e corre*. Poderíamos rastrexar na propia evolución do xénero centos de exemplos nos oitenta e noventa, títulos de entretemento onde a novidade serán os homes vestidos de negro (*Reservoir dogs*), a fina mestura co drama (Cadea perpetua), as fuxidas máis metafóricas (*Thelma e Louise*) ou mesmo dialécticas (*Sospeitosos habituais*).

Malia a boa acollida que teñen estes filmes no gran público, tan só podemos escoller once –os mesmos que a cuadrilla de Sinatra, os once do *remake* de Soderbergh– e así...

Visitaremos o Chicago dos anos 30 da man de Redford e Newman como mestres do engano nas apostas de cabalos. Baixaremos case a rolos a Torre Eiffel perseguindo os *souvenirs* e a flegma británica. Abafados pola neve fitaremos a silueta de Jacob e un maletín con catro millóns e medio de dólares na América máis fonda. Con permanentes saltos temporais procuraremos a recadación do hipódromo da man de Kubrick. Gassman e Manfredi viaxarán ata Milán para facer o mesmo coa

da quiniela... *porca miseria!* Sterling Hayden repetirá os ecos dos cabalos máis na xungla do asfalto, a cidade que agachaba a outra cidade de Huston. Co caixeiro Galindo prepararemos o atraco ás tres na mesma oficina onde traballamos durante varias décadas. Faremos historia con Morris, unha culler e un par de irmáns como cómplices dende Alcatraz e ás frías augas da baía de San Francisco. Durante vintecatro horas patearemos polas rúas porteñas da man de dous mestres do engano, as nove raíñas de Darín e Pauls. O silencio e Mozart, se cadra tamén a ollada de Jost, serán os compañeiros da *bressoniana Un condenado a morte escapou*. E finalmente, tamén en Francia, gozaremos da maestría de Becker no seu canto do cisne, *A evasión*. Entre todos os cárceres, eu preferirei sempre o parisiense da Santé.

Yolanda López  
Coordinadora do ciclo

## *The Asphalt Jungle*, 1950 (*A xungla de asfalto*)



Dirección: John Huston  
Producción: Arthur Hornblow Jr.  
Guión: Ben Maddow e John Huston  
Fotografía: Harold Rosson  
Montaxe: George Boemler  
Música: Miklós Róska  
Dirección artística: Randall Duell e Credric Gibbons  
B/N  
Dur: 112 min.

**Intérpretes:** Sterling Hayden, Louis Calhern, Jean Hagen, James Whitmore, Sam Jaffe, Marilyn Monroe, John McIntire.

**Sinopse:** Doc Edwin Riedenschneider pasou anos no cárcere planificando o atraco perfecto. Cando sae en liberdade decide reunir a un grupo de homes que actuarán de cómplices no roubo a unha xoiería: Louis, experto na apertura de caixas fortes; Dix, o pistoleiro; o avogado corrupto, Emmerich, e Gus, como condutor.

Baseándose na novela de W.R. Burnett, Huston voltaba a ollada ao tema clave da súa filmografía: a dignidade do perdedor, os seus medos e frustracións. Un mosaico de diferentes personaxes enlazados por un denominador común, o abismo ante a derradeira oportunidade das súas vidas.

A rodaxe non estivo exenta de problemas entre o director e os estudos da Metro, os que criticaron, entre outras, a concesión do papel de Angela a unha actriz descoñecida de 24 anos. Sensual e delicada, lonxe do futuro de turxescencia e escándalo, daquelas iniciais nacería unha das iconas do século XX: Marilyn Monroe.

A Asociación de Directores Norteamericanos nomeaba a Huston mellor director do ano por unha obra mestra que resumía a súa filosofía na frase do avogado corrupto: «O crime non é máis que unha forma torcida do esforzo humano».

Un filme *noir* realista e sen concesións que marcou a eclosión dun novo xénero, o *caper movie* cunha vixencia e influencia que aínda hoxe son indubidables. Inmellorable posta en escena, soberbia fotografía, música dun mestre do xénero e unha secuencia final brillante e de fondo lirismo.

## *The Lavender Hill Mob*, 1951 {*Ouro en barras*}



Dirección: Charles Chrichton  
Producción: Michael Balcon  
Guión: T.E.B. Clarke  
Fotografía: Douglas Slocombe  
Montaxe: Seth Holt  
Música: Georges Auric  
Dirección artística: William Kellner  
B/N  
Dur: 81 min.

**Intérpretes:** Alec Guinness, Stanley Holloway, Sydney James, Alfie Bass, Marjorie Fielding, Edie Martin, John Salew, Ronald Adam, Arthur Hambling.

**Sinopse:** Henry Holland é o encargado de supervisar os traslados dos cargamentos de ouro dun banco de Inglaterra dende hai vinte anos. Cansado da súa triste existencia, idea un plan para levar a cabo un espectacular roubo no banco no que traballa, sacar o ouro fundido en forma de *souvenirs* coa forma da Torre Eiffel destino a Francia...

Xunto a *O quinteto da morte* e *Oito sentencias de morte* un dos exemplos paradigmáticos da comedia inglesa dos estudos Ealing. O guión e a estrutura narrativa están construídos de xeito milimétrico, coma un mecanismo de relojería. Clarke, que logo dos anteriores éxitos tiña pensado facer un drama policial, mudaba de idea e escribía esta intelixente comedia de roubos pola que sería premiado co Oscar. Malia o orzamento limitado a posta en escena contén encadres, movementos de cámara e efectos moi imaxinativos. O seu director, Chrichton repetiría éxito corenta anos despois cun filme de evidentes similitudes, *Un peixe chamado Wanda*.

Presentado coma un longo *flash-back* alcanzou gran popularidade polo seu irreverente e irónico humor, así como a elegancia dos enredos dos seus protagonistas –Alec Guinness e Stanley Holloway– que concentran varios *gags* hilarantes como a baixada da Torre Eiffel ou a persecución final da policía. Como anécdota, e dous anos antes da presentación oficial en *Vacacións en Roma*, *Ouro en barras* contén a primeira e fugaz aparición no cine dunha Audrey Hepburn como Chiquita.

## *The Killing*, 1956 (*Atraco Perfecto*)



**Dirección:** Stanley Kubrick  
**Producción:** James B. Harris  
**Guión:** Stanley Kubrick e Jim Thompson  
**Fotografía:** Lucien Ballard  
**Montaxe:** Betty Steinberg  
**Música:** Gerald Fried  
**Dirección artística:** Ruth Sobotka  
**B/N**  
**Dur:** 80 min.

**Intérpretes:** Sterling Hayden, Collen Gray, Vince Edwards, Jay C. Flippen, Marie Windsor, Ted DeCorsia.

**Sinopse:** Johnny Clay é un exconvicto que planea o seu último gran golpe con varios dos seus compañeiros: Randy, un policía endebedado; Mike, un camareiro que precisa cartos para a súa esposa enferma, e George un home débil namorado dunha fermosa muller. Ao grupo únese Nikki, un frío asasino que ten como misión disparar a un cabalo de carreiras nun hipódromo da cidade, momento que aproveitarán para baleirar a caixa forte...

Primeiro dos tres títulos que Kubrick coproduciría xunto a James B. Harris –logo virían *Sendeiros de gloria* e *Lolita*–. Nunha homenaxe ao filme de Huston que recolleemos no ciclo, o director estadounidense rodaba con 28 anos a historia do atraco a un hipódromo seguindo o guión de Jim Thompson, un dos escritores por excelencia de novela negra.

Loada e recoñecida polo seu estilo narrativo non lineal cunha marcada fragmentación do tempo, alternancia constante de *flashbacks*, de puntos de vista dos personaxes e destacado uso da voz en *off*. E o peso do azar e a fatalidade por riba da planificación. Por problemas con sindicatos non puido traballar como director de fotografía, labor que lle encargou a Lucien Ballard, un dos mestres do Hollywood dourado. Este, que nun principio era reticente a empregar certos obxectivos por mor dos constantes desprazamentos da cámara, destacaba tempo despois o xenio de Kubrick no uso da luz e o dominio fotográfico. Contraluces, contrastes, encadres inferiores, torcidos e longos planos fixos evitando o plano/contraplano. *Atraco perfecto* foi, tamén, o inicio da súa sonda como cineasta insubornable ante as posibles diferenzas cos actores, técnicos e críticos.



## *Un condamné à mort s'est échappé*, 1956 (*Un condenado a morte escapou*)



**Dirección:** Robert Bresson  
**Producción:** Alain Poiré  
e Jean Thuillier  
**Guión:** Robert Bresson  
**Fotografía:** Léonce-Henri Buel  
**Montaxe:** Raymond Lamy  
**B/N**  
**Dur:** 99 min.

**Intérpretes:** François Leterrier, Charles Le Clainche, Aurice Beerblock, Roland Monod, Jacques Ertaud, Jean-Paul Delhumeau.

**Sinopse:** Na Francia ocupada durante a Segunda Guerra Mundial, o tenente Fontaine é detido polo exército alemán. Tras un intento frustrado de fuxida no traslado ao cárcere, moi pronto é condenado a morte. Sen desfalecer, Fontaine dedicará o seu tempo de reclusión a preparar minuciosamente a súa evasión...

Cento por cento Bresson. Xunto con *Pickpocket*, *As damas do Bois de Boulogne* e *Diario dun cura rural* a súa obra máis recoñecida. O filme parte do feito histórico verídico, a evasión do comandante Devigny da prisión de Montluc en tempos da ocupación nazi. Centos de estudos e críticas subliñan o ascetismo do seu estilo, onde Bresson elimina calquera historicismo anecdótico, levando a narración ata o máis esencial filmando a realidade máis espida. Trátase de ver, de admirar a capacidade da linguaxe cinematográfica nos excelentes fóras de campo, a interpretación desdramatizada dos actores, os místicos silencios e a música de Mozart sobre todo na secuencia final. Unha das mellores mostras do cinema do director francés, sobre a soidade do home e a súa dificultade para comunicarse. Como co-director, un novísimo Louis Malle.

## Le trou, 1960 (A evasión)



**Dirección:** Jacques Becker  
**Producción:** Serge Silberman  
**Guión:** Jacques Becker, Jean Aurel e José Giovanni  
**Fotografía:** Ghislain Cloquet  
**Montaxe:** Marguerite Renoir e Geneviève Vaury  
**Música:** Phillipe Arthuys  
**B/N**  
**Dur:** 109 min.

**Intérpretes:** Michel Constantin, Jean Kéraudy, Philippe Leroy, Raymond Meunier, Marc Michel, André Servil, Jean-Paul Coquelin, Hedí Rasimi.

**Sinopse:** Gaspar Claude é un mozo inocente acusado do intento de asasinato da súa muller. Enviado ao cárcere da Santé de París, instálanlo nunha cela xunto a outros catro duros criminais, que teñen decidido fuxir da prisión construíndo un laborioso túnel...

Do realizador de *París, baixos fondos* e *Os amantes de Montparnasse*. Jacques Becker asinaba o seu inesperado testamento con este filme, unha obra mestra, magnífica, que Jean Pierre Melville bautizou como a mellor película francesa de todos os tempos. A inesperada morte do director obrigou a que seu fillo Jean, quen seguiría os seus pasos na dirección cinematográfica, rematase algúns aspectos da postproducción. Baseado en feitos reais, tal e como nos indica Roland no aviso do comezo, o filme arrancaba da novela de José Giovanni, escritor que coñecía a historia de primeira man por ter participado na fuxida real (el é o Manu interpretado por Phillipe Leroy). A xenialidade de Becker estriba en converter ao espectador nun personaxe máis. Planos longuísimos e angustiosos, excelente ritmo, milimétricos xiros narrativos, extraordinaria capacidade de síntese, intelixente xogo de olladas, coidada dirección de actores e poderosa iluminación –ollo ás sombras, ás escuridades e aos focos de luz–.

Un canto a amizade, a lealdade e os ollos de Gaspard nas nosas retinas.

# Audace colpo dei solitti ignoti, 1960 (Rufufú dá o golpe)



**Dirección:** Nanny Loy  
**Producción:** Franco Cristaldi  
**Guión:** Agenori Incrocci, Nany Loy e Furio Scarpelli  
**Fotografía:** Roberto Gerardo  
**Montaxe:** Mario Serandrei  
**Música:** Piero Umiliani  
**B/N**  
**Dur:** 98 min.

**Intérpretes:** Vittorio Gassman, Renato Salvatori, Nino Manfredi, Claudia Cardinale, Vicky Ludovici, Riccardo Garrone, Tiberio Murgia, Carlo Pisacane.

**Sinopse:** Peppe, xefe dunha banda de rateiros romanos, é requirido por un colega de Milán, que o convida a participar cos seus homes nun gran golpe. Trátase de bloquear a furgoneta que todos os domingos leva a un lugar seguro a recadación da quiniela de fútbol. Peppe acepta o convite e reúne aos seus amigos, mais, cando chegan a Milán descubren que o organizador do golpe foi detido...

Secuela da memorable *Rufufú* que Mario Monicelli dirixira dous anos antes, referente da comedia á italiana da que conserva o mesmo sentido da atmosfera e o enxeño. Xurdidas como parodia da mítica *Rififi*, décadas máis tarde, nos oitenta, chegaría *Rufufú, vinte anos despois*. O plan de roubar a recadación da quiniela desencadeará unha serie de incidencias, imprevistos e sorpresas onde o absurdo e o humor serán as notas predominantes. Entre outras, por exemplo, as secuencias da preparación do golpe ou da indigestión dun dos membros do grupo. Destacada banda sonora que inclúe a participación do trompetista de jazz Chat Baxter.

Marcado carácter documental da sociedade italiana, onde se reflicten os cambios entre a década dos cincuenta e dos sesenta cun certo ton neorrealista na súa fotografía. Entre os actores algunhas das caras máis destacadas do cine italiano da época: Vittorio Gassman, Nino Manfredi e Claudia Cardinale.

# Atraco a las tres, 1962

## {Atraco ás tres}



**Dirección:** José M<sup>a</sup> Forqué  
**Producción:** José Alted  
**Guión:** Vicente Coello, Pedro Masó e Rafael J. Salvia  
**Fotografía:** Alejandro Ulloa  
**Montaxe:** Pedro del Rey  
**Música:** Adolfo Waitzman  
**B/N**  
**Dur:** 90 min.

**Intérpretes:** José Luis López Vázquez, Alfredo Landa, Cassen, Gracita Morales, Katia Loritz, Manuel Aleixandre, Agustín González, José Orjas, Rafaela Aparicio.

**Sinopse:** Tras inxusto despido de don Felipe, o vello director da sucursal bancaria onde traballa, Fernando Galindo, o infeliz caixeiro proponlles aos seus compañeiros atracar o seu propio banco. Nun primeiro momento, estes non o cren, mais pouco a pouco e atendendo aos soños de cada un, Galindo será quen de convencelos da viabilidade do roubo...

En 1962 Forqué filmaba un brillante guión asinado por Coello, Masó e Salvia, do que xurdía unha das comedias españolas máis destacadas non só da década dos sesenta. Divertida e disparatada, conta entre os seus piores cun eficaz ritmo narrativo, a banda sonora de Waitzman e un reparto de actores inmejorable: dende o veterano Orjas ata o mítico Landa, aquí no seu debut cinematográfico. Premio do *Sindicato Nacional del Espectáculo* a López Vázquez polo seu papel dun soñador infeliz: «Fernando Galindo un admirador, un amigo, un escravo, un servo».

Agradoce retrato de ambientes duns antihéroes desherdados. Debuxo dos soños dunha sociedade española asfixiada pola precariedade que bota man da picaresca nun atraco trapalleiro e improvisado do que parten un cento de gargalladas. Sufriu un fatídico intento de revisión en 2003 da man de Raúl Marchand.

## *The Sting*, 1973 (*O golpe*)



**Dirección:** George Roy Hill  
**Producción:** Tony Hill, Michael e Julia Phillips  
**Guión:** David S. Ward  
**Fotografía:** Robert Surtees  
**Montaxe:** William Reynolds  
**Música:** Marvin Hamlisch  
**Dirección artística:** Henry Bumstead  
**Cor**  
**Dur:** 124 min.

**Intérpretes:** Robert Redford, Paul Newman, Robert Shaw, Charles Durning, Ray Walston, Eileen Brennan, Harold Gould.

**Sinopse:** Chicago, anos trinta. Johnny Hooker e Henry Gondorff son dous estafadores que deciden vingar a morte dun vello e querido colega do gremio a mans do máis poderoso gánster da cidade. Para iso programarán un enxeñoso e complicado plan coa axuda de todos os amigos e coñecidos...

O mesmo equipo volve reunir, catro anos despois de *Dous homes e un destino*, a Paul Newman e Robert Redford como parella protagonista nun filme que levou sete dos dez Oscar aos que optaba. A historia inspírase nos feitos reais tomados da obra de David W. Maurer sobre dous sobreviventes da Depresión, dous antiheroes marxidados do mundo do traballo. O xogo da mentira e do engano, unha trama con tintas *hitchcockianas*, coreografiado cunha magnífica pléiade de actores secundarios e a frescura e desvergonza como sustento. A destacar, ademais, os estupendos decorados e perspectivas do Chicago dos anos 30, así como o coidado vestiario de Edith Head. O logo do comezo, é o usado pola Universal nesa década. A música, dirixida por Marvin Hamlisch adaptaba temas de Scott Joplin como o mítico *The Entertainer*. Joplin que cultivara o *ragtime*, vivira en Chicago a comezos de século e fora rapidamente esquecido polo público tras a súa morte en 1917.

Diversión nunha das cintas sobre estafas e estafadores-concanto máis queridas polo público.

## *Escape from Alcatraz*, 1979 (*A fuga de Alcatraz*)



Dirección e Producción: Don Siegel

Guión: Richard Tuggle

Fotografía: Bruce Surtees

Montaxe: Ferris Webster

Música: Jerry Fielding

Cor

Dur: 107 min.

**Intérpretes:** Clint Eastwood, Patrick McGouhan, Roberts Blossom, Jack Thibau, Fred Ward, Larry Hankin, Paul Benjamín, Bruce M. Fischer, Frank Ronzio.

**Sinopse:** San Francisco, 18 de xaneiro de 1960. Frank Lee Morris, un preso especializado en fuxidas cun altísimo coeficiente intelectual, é recluído no cárcere de Alcatraz do que segundo o propio alcalde ninguén ten conseguido fuxir. Morris non tardará moito en tentar mudar esa sentenza...

Baseada parcialmente na novela de J. Campbell Bruce, quen narraba a lendaria fuxida de Frank Morris e os irmáns Anglin da infranqueable cárcere de Alcatraz, A Rocha. A prisión, que foi a máis segura no seu tempo, albergou presos insignes como Al Capone, Robert Stroud ou Alvin Karpis. Pouco tempo antes do seu peche, en 1963, tres reos tentaban a fuxida polas frías augas da baía logo de ter escavado un túnel a golpe de culler.

O filme foi rodado no auténtico cárcere de Alcatraz, hoxe un dos principais reclamos turísticos da cidade de San Francisco. Título clave do xénero, case o canto do cisne de Don Siegel que repetía por quinta vez como director de Eastwood –con quen, anos atrás, creara o célebre *Harry O Sucio*–. Dela parten posteriores dramas carcerarios como *Cadea perpetua* de Frank Darabont (1994) amén doutros produtos televisivos...

## A Simple Plan, 1998 (Un plan sinxelo)



**Dirección:** Sam Raimi  
**Producción:** James Jacks  
**Guión:** Scott B. Smith  
**Fotografía:** Alar Kivilo  
**Montaxe:** Eric L. Beason  
e Arthur Coburn  
**Música:** Danny Elfman  
**Dirección artística:** James  
F. Truesdale  
**Cor**  
**Dur:** 123 min.

**Intérpretes:** Bill Paxton, Billy Bob Thornton, Bridget Fonda, Brent Briscoe, Jack Walsh, Chelcie Ross, Becky Ann Baker, Gary Cole, Bob Davis.

**Sinopse:** Hank, seu irmán e un amigo atopan catro millóns e medio de dólares nunha avioneta que sufriu un accidente. Ante o dilema de quedar ou non co botín, Hank traza un plan: el gardará os cartos unha tempada, e se ninguén os reclama repartirán o achado a partes iguais.

A estupidez da natureza humana rodeada pola neve nunha vila pequena dos Estados Unidos custodia un dos mellores filmes do seu director, o irregular Sam Raimi. Con estas premisas semellan inevitables as similitudes con outros títulos como *Fargo* dos seus amigos, os Coen. Porén aquela partía dun feito real e *Un plan sinxelo* da novela homónima de Scott B. Smith que se encargou de reescribir o guión. Candidatura ao Oscar tanto para el como para un estupendo Billy Bob Thornton no papel de Jacob, un personaxe cheo de matices, tenrura e lucidez. Dándolle réplica Bill Paxton e Brent Briscoe no tríade protagonista.

Dicía Raimi: «os protagonistas non son malos, tan só seres humanos que toman unha decisión e cargan coas súas consecuencias. Loitan por saír do lazo creado polos cartos, un lazo que se pecha de vagar coma un nó corredizo...». Dilemas morais e dúbidas éticas nun lugar perdido en medio de ningunha parte, onde coma unha bóla de neve o desamparo e a avaricia farán que todo se precipite.

## *Nueve reinas*, 2000 (*Nove raíñas*)



**Dirección:** Fabián Belinsky  
**Producción:** Pablo Bossi  
**Guión:** Fabián Belinsky  
**Fotografía:** Marcelo Camerino  
**Montaxe:** Sergio Zottola  
**Música:** César Lemer  
**Dirección artística:** Marcelo Salvioli  
**Cor**  
**Dur:** 114 min.

**Intérpretes:** Ricardo Darín, Gastón Pauls, Leticia Brédice, Tomás Fonzi, Elsa Berenguer, Celia Juárez, Antonio Ugo.

**Sinopse:** Juan e Marcos, dous estafadores de pouca monta, coñécense de xeito casual unha madrugada e acaban enredados nun asunto que os pode converter en millonarios. Teñen menos dun día para realizar unha estafa que non pode fallar, vintecatro horas onde xogará no seu destino...

Opera prima do arxentino Belinsky, que anos máis tarde volvía á pantalla con *O aura*. Moi boa acollida de crítica e público. Un filme que procura a complicidade do espectador en cada un dos enganos e farsas da parella protagonista durante vintecatro horas. Un exercicio vigoroso sobre o engano que bota a ollada, así mesmo, á sociedade porteña, nunha dura radiografía da situación arxentina.

Cómpre non revelar ningún dos trucos, ningunha das trampas, dos xiros do guión. Nove selos valiosos, as nove raíñas, nos que quedarán atrapados estes dous artistas do timo de rúa, dous magos da mentira: Ricardo Darín –que comezaba a ser coñecido en España logo de *O fillo da noiva*– e Gastón Pauls –que repetiría éxito en *O último tren*–. Na súa estrea algún crítico enxalzábaa como magnífico exemplo de facer cine de alta tensión sen violencias gratuítas nin explosións cada dez minutos. Se cadra apuntalado, diríamos nós, polo tema de Rita Pavone: «...alguén recorda aquela canción, *Il ballo del mattone?*...».



Calendario

## A CORUÑA

1 setembro | *Ouro en barras*

15 setembro | *O golpe*

22 setembro | *Rufufú dá o golpe*

29 setembro | *Un condenado a morte escapou*

6 outubro | *A xungla do asfalto*

13 outubro | *Atraco perfecto*

20 outubro | *Atraco ás tres*

27 outubro | *Un plan sinxelo*

3 novembro | *A fuga de Alcatraz*

10 novembro | *A evasión*

Primeiro pase ás 18.00 horas 

Segundo pase ás 20.30 horas 

Sede Fundación Caixa Galicia

Cantón Grande

## FERROL

1 setembro | *Atraco perfecto*

8 setembro | *A xungla do asfalto*

15 setembro | *Ouro en barras*

22 setembro | *Un plan sinxelo*

29 setembro | *A fuga de Alcatraz*

6 outubro | *Atraco ás tres*

13 outubro | *Rufufú dá o golpe*

20 outubro | *Un condenado a morte escapou*

27 outubro | *A evasión*

3 novembro | *O golpe*

10 novembro | *Nove raíñas*

Primeiro pase ás 18.00 horas

Segundo pase ás 20.30 horas 

Sede Fundación Caixa Galicia

Praza da Constitución

## LUGO

2 setembro | *A xungla do asfalto*

9 setembro | *O golpe*

16 setembro | *Atraco perfecto*

30 setembro | *Nove raíñas*

14 outubro | *A evasión*

21 outubro | *Rufufú dá o golpe*

28 outubro | *La fuga de Alcatraz*

4 novembro | *Atraco ás tres*

18 novembro | *Un condenado a morte escapou*

20.00 horas

16 setembro | 19.30 horas

**Conferencia a cargo de Alfonso de la Puente:**

«Este é o plan: os segredos literarios que todo bo ladrón debería saber»

Sede Fundación Caixa Galicia

Praza de Santa María

## OURENSE

2 setembro | *A evasión*

9 setembro | *Un condenado a morte escapou*

16 setembro | *Rufufú dá o golpe*

23 setembro | *Ouro en barras*

30 setembro | *A xungla do asfalto*

7 outubro | *Un plan sinxelo*

14 outubro | *Nove raíñas*

21 outubro | *O golpe*

28 outubro | *Atraco ás tres*

4 novembro | *Atraco perfecto*

18 novembro | *A fuga de Alcatraz*

20.00 horas

30 setembro | 19.30 horas

**Conferencia a cargo de Ángel Santos:**

«Dous cabalos brancos: Os sonhos dun perdedor»

Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia

Xoán XXIII, 31 soto

## PONTEVEDRA

2 setembro | *Atraco ás tres*

9 setembro | *A fuga de Alcatraz*

16 setembro | *A evasión*

23 setembro | *Nove raíñas*

30 setembro | *Rufufú dá o golpe*

7 outubro | *O golpe*

14 outubro | *A xungla do asfalto*

21 outubro | *Atraco perfecto*

28 outubro | *Un condenado a morte escapou*

4 novembro | *Ouro en barras*

11 novembro | *Un plan sinxelo*

20.00 horas 

23 setembro | 19.30 horas

**Conferencia a cargo de Carlos Roma: «Fuxidas, roubos e outros delitos consentidos no cine»**

Sede Fundación Caixa Galicia

Praza de San Xosé, 3

## SANTIAGO

2 setembro | *Un condenado a morte escapou*

9 setembro | *Rufufú da o golpe*

16 setembro | *A xungla do asfalto*

23 setembro | *A fuga de Alcatraz*

30 setembro | *Atraco perfecto*

7 outubro | *A evasión*

14 outubro | *Ouro en barras*

21 outubro | *Un plan sinxelo*

4 novembro | *Nove raíñas*

11 novembro | *Atraco ás tres*

18 novembro | *O golpe*

Primeiro pase ás 18.00 horas 

Segundo pase ás 20.30 horas 

Sede Fundación Caixa Galicia

Rúa do Vilar, 19

## VIGO

2 setembro | *A fuga de Alcatraz*

9 setembro | *Ouro en barras*

16 setembro | *Atraco ás tres*

23 setembro | *O golpe*

30 setembro | *A evasión*

7 outubro | *Nove raíñas*


28 outubro | *Atraco perfecto*

4 novembro | *Rufufú da o golpe*

11 novembro | *Un condenado a morte escapou*

18 novembro | *A xungla do asfalto*

Primeiro pase ás 18.00 horas

Segundo pase ás 20.30 horas 

Sede Fundación Caixa Galicia

Policarpo Sanz, 21

# Relatores

## Carlos Roma

Presentador e comentarista de cine en distintos programas de radio (Radio Galega, Radio Voz) e televisión (*Tardes de verán* ou *Tardes con Ana* na TVG ou Localía). Ademais dunha longa traxectoria en ambos os medios ten traballado como guionista en diferentes curtametraxes galegas: *Aproba!* (1996) *Un conto triste* (1996) ou *Maldita mañana* (2007). Ademais, protagonizou o serial radiofónico *Novembro* producido polo CGAC. Na actualidade desenvolve labores de presentador e redactor en Correo TV, a canle do Grupo Correo Gallego.

## Alfonso de la Puente Vaquero

Comezou a súa andaina neste mundo alá polo ano 1979 na Coruña. Alí viviu, soñou, leu, filmou, debuxou e enganouse a iso de escribir. Semellante impulso creativo foi esculpido durante tres frutíferos e intensos anos na especialidade de guión na ECAM (Madrid), a herdeira da Escuela Oficial de Cine na que se formaron nos anos sesenta cineastas como Erice, Borau ou Saura.

Ten escrito curtametraxes sen 35 mm como *Efecto y causa* (2004) e *Señor X* (2008), longametraxes documentais como *2050. How soon is now?* (2006), gañador do Premio Mestre Mateo, así como multitude de proxectos de longametraxes de ficción, *tvmovies* e documentais.

Actualmente vive entre Madrid e Galicia. Os seus últimos traballos son *El síndrome de Ulises*, unha serie de televisión para Antena 3, e *Na procura da besta*, un documental de creación para TV Siete.

## Ángel Santos

Nado en Marín, Pontevedra en novembro do 76. Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 2000. Trasládase a Barcelona para realizar un curso de guión e alí comeza a traballar en distintos apartados técnicos (producción, son, realización, guión...) en curtametraxes do Centre d'Estudis Cinematogràfics de Catalunya (CECC), onde obterá a Diplomatura en Dirección Cinematográfica tres anos despois. Xa como director, realiza pequenos traballos en vídeo e a curta *A.* (2002), que lle abre as portas para a realización dunha curta en formato cinematográfico: *Septiembre (Los amores jóvenes)* (2004); que se estrea nos cines Casablanca de Barcelona. De volta a Galicia imparte cursos de cine para rapaces de primaria e colabora na realización de videoclips (Austria, MPSTK, Sugar Mountain...). Actualmente é produtor do documental *Plan Rosebud* dirixido por María Ruido para o CGAC e colabora na revista dixital *Miradas de Cine*. Acaba de presentar a curta *O cazador*, adaptación libre dun texto de Chejov, premiada na primeira edición do Flminho (Festa do cine galego e portugués).



**Concello de Lugo**



**Concello  
de Vigo**



**CONCELLO DE  
PONTEVEDRA**

[www.fundacioncaixagalicia.org](http://www.fundacioncaixagalicia.org)

 **FUNDACION CAIXAGALICIA**